

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 04.11.2024, (DOG núm. 218 do 12 de novembro de 2024), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocados pola Orde do 14.08.2024 (DOG núm. 169, do 03.09.2024)

En sesión que tivo lugar o 19.01.2025, este tribunal

ACORDOU:

Primeiro. Segundo o establecido na base 3.7.2.1 da convocatoria deste proceso selectivo, publícanse con esta resolución os seguintes anexos:

- Anexo I coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron o caso práctico coas cualificacións obtidas no mesmo, por orde decrecente de puntuación.
- Anexo II coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron o caso práctico coas cualificacións obtidas no mesmo, por orde alfabética.

As persoas aspirantes poden presentar alegacións ás cualificacións provisionais do caso práctico no prazo de tres días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación desta resolución na páxina web da Agasp (21, 22 e 23 de xaneiro).

Tal e como se establece na base xeral reguladora 3.8 da convocatoria, todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Segundo. Remitir ao servizo de selección, coordinación e planificación da AGASP esta resolución xunto cos anexos para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.

A Estrada, asinado dixitalmente.

A presidenta do Tribunal

